

O2005099 PFPP O2031087 A Covid 19 vista desde o enfoque das diferentes áreas curriculares.

U.D. (título)	La entrevista: “Gente de Viana en tiempos de COVID”
Área	Lingua castelá e literatura
Etapa/curso	1º ciclo: 2º ESO . Tamén podería desenvolverse no curso de 1º ESO.
Temporalización (número de sesións)	3 sesións distribuídas da seguinte maneira: <ul style="list-style-type: none"> - 1ª sesión=> Explicación dos aspectos teóricos relacionados coa entrevista. - 2ª sesión=> Realización de tres tarefas relacionadas cos contidos máis significativos da entrevista: cuestionario, entrevista 1 e entrevista 2. - 3ª sesión=> Elaboración da entrevista: elección da persoa á que van entrevistar, datos de interese do seu perfil biográfico e guión das preguntas. A gravación e transcrición da entrevista realizarase fóra da aula polo que non serán necesarias máis sesións.
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> - Os textos periodísticos de xénero mixto: a entrevista. Tipos e estrutura das entrevistas. - Análise do contido e da forma dunha entrevista. - Planificación e realización de entrevistas organizadas e estruturadas seguindo un obxectivo comunicativo. - Emprego das Tic para a gravación da entrevista elaborada. - Uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais para a consecución dunha comunicación escrita e oral efectiva.
Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer a entrevista periodística como un tipo de texto dialogado e sinalar as partes da súa estrutura. 2. Distinguir os tres tipos de entrevistas segundo a finalidade coa que foi escrita. 3. Analizar dous tipos de entrevista (prensa escrita e dixital). Ser conscientes das semellanzas e diferenzas. 4. Ser capaces de levar a cabo unha entrevista de modo autónomo en tódalas partes do seu proceso (preparación, realización, transcripción, corrección e publicación). 5. Escribir unha entrevista de forma planificada e organizada empregando diferentes medios, entre eles as TIC. 6. Coñecer e aplicar o proceso de revisión e corrección do texto da entrevista. 7. Usar as normas ortográficas e gramaticais propias da entrevista.
Estándares que se traballan	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.

	<p>LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.</p> <p>LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</p> <p>LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.</p> <p>LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.</p> <p>LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral</p> <p>LCLB1.6.2. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida.</p> <p>LCLB2.1.4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.</p> <p>LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.</p> <p>LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.</p>
Webgrafía	<p>As imaxes foron extraídas do seguinte espacio web:</p> <ul style="list-style-type: none"> - https://pixabay.com/es/